



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

No Boletín Oficial do Estado nº 144, de 17/06/2017, publicouse o Real decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que regúlase a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

Por esta Alcaldía encargouse a D. Iago Pedreira Bestilleiro (Enxeñeiro industrial, Colexiado 2813 do ICOIIG) a redacción dun proxecto para a redacción dun proxecto para levar a cabo diversas actuacións de mellora enerxética no Concello de Ordes, co fin de solicitar unha achega con base no Real decreto citado dentro da Medida 6 "Renovación das instalacións de iluminación, iluminación e sinalización exterior".

Mediante Resolución de data 20/09/2018, o director do IDAE concedeu unha axuda para este proxecto por importe total de 109.342,20 €, sobre un custe máximo admitido de 136.678,00 € (no que se inclúe a redacción do proxecto e a dirección facultativa), cunha taxa de cofinanciamento FEDER correspondente á operación segundo o Eixo prioritario e categoría de rexión á que pertence do 80%.

A necesidade administrativa a satisfacer ven determinada pola obtención dun aforro enerxético que supoña, á súa vez, a redución da factura de subministración de enerxía eléctrica, así como diminuír a contaminación lumínica e as emisións de CO₂., sendo unha competencia propia do Concello ao abeiro do previsto no artigo 25.2. 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Procede iniciar expediente de contratación **das actuacións de aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Ordes**: por procedemento aberto, por ser o procedemento máis axeitado para a consecución da mellor oferta para a execución das subministracións, con varios criterios de adxudicación vinculados ao obxecto do contrato, tramitación ordinaria .

Deberase incorporar ao expediente:

- Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- Certificado de existencia de crédito orzamentario.
- Informes do Secretario e do Interventor do Concello.

Ordes, 28 de xaneiro de 2019

O ALCALDE



Perante min,
O SECRETARIO

